

Programa de prevención do consumo de tabaco en escolares de 1º e 2º da ESO (12 a 14 anos de idade)

É un **concurso educativo para a prevención do tabaquismo**, dirixido a escolares de primeiro ciclo de ESO, é dicir de 12 a 14 anos, idade na que se dan os primeiros contactos co tabaco, tendo ás comunidades educativas como instrumento indispensable para a execución do proxecto.

Baséase no **compromiso individual e colectivo** (de toda a aula) de non fumar durante alomenos 6 meses, reforza o carácter voluntario da decisión de non fumar, facilita a presión de grupo positiva xerada pola complicidade dun grupo de adolescentes e un adulto (titor/a), e reforza a confianza nun mesmo e nos demais, ao tempo que utiliza a recompensa - premio como incentivo.

Este programa forma parte do "**Plan Proxecta**" da Consellería de Educación.

OBXECTIVO

Evitar o inicio do consumo de tabaco nos mozos e mozas galegos.

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

- Todos os escolares da aula e o seu titor/a comprométense a non fumar durante os 6 meses que dura o programa. Antes do inicio do programa todos os participantes manifestan o seu consumo de tabaco.
- Elaboración dun slogan, que consistirá nun lema orientado á prevención do tabaquismo, e preferentemente, dirixido a convencer aos mozos e mozas para non comezar a fumar, e que deberá acompañarse dunha representación gráfica orixinal.
- Desenvolver unha actividade creativa en relación coa prevención do tabaquismo, nalgunhas das seguintes modalidades: deseño de materiais multimedia, anuncio publicitario, canción con baile, obra de teatro, xogos, revista xuvenil, periódico, cómic ou conto.
- Desenvolver as unidades didácticas relacionadas coa prevención do tabaquismo propostas na guía "A experiencia de educar para a saúde na escola" do "Programa de Prevención do Consumo de Drogas", para cada un dos cursos de 1º e 2º da ESO.





SEGUIMIENTO DO PROGRAMA

- Charlas de apoio a escolares e asociacións de pais e nais (a demanda).
- Supervisión das actividades realizadas nas aulas.
- Avaliación da abstinencia tabáquica a través dunha cooximetría (medición do monóxido de carbono en aire espirado) realizada por os técnicos das Xefaturas territoriais.
- Cuestionarios de valoración aos escolares e os docentes.

PREMIADOS E ACTIVIDADES GAÑADORAS

- Por sorteo. Realízase un sorteo entre todas as aulas que chegaron ao final do concurso, tendo cumprido todas as actividades obrigatorias.
- Por un xurado. Integrado pola responsable do proxecto na Dirección Xeral de Saúde Pública, xunto cos coordinadores do proxecto nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Sanidade, e os representantes da Consellería de Educación.
- Acto de entrega de premios: Arredor do 31 de maio Día mundial sen tabaco, entréganse os premios nun acto lúdico presidido polas consellerías de sanidade e educación no que os escolares gañadores mostran as súas actividades.
- Premios de Innovación educativa: Para os docentes das aulas das actividades gañadoras.

Inscripción on-line "Clases sen fume" 	>
Ficha de inscrición 	>
Ficha Slogan 	>
Compromiso da clase 	>
Cuestionario inicio 	>

Cuestionario de inicio	
Fogares sen fume	>
Información para os docentes de Clases sen fume (Edición 2023-24) 	>
Información importante para os docentes	
Información para os escolares de Clases sen fume (Edición 2023-24) 	>
Unidade didáctica 1ºESO 	>
Material didáctico para traballar na aula de 1º ESO a prevención do consumo de drogas	
Unidade didáctica 2ºESO 	>
Material didáctico para traballar na aula de 2º ESO a prevención do consumo de drogas	
Gañadores 2022-2023	>